

Información



Programa Aprol - Economía Social 2019

Publicáronse as bases para a concesión de subvencións para o fomento do emprendemento en economía social. Estas axudas teñen por obxectivo fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais.

O prazo para solicitar a axuda finaliza o **01 de outubro de 2019**

[Ver máis](#)



Certame Cooperativismo no ensino 2019

O Certame Cooperativismo no ensino ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros educativos de Galicia a través de tres modalidades de participación: actividades artísticas, actividades cooperativizadas e proxectos empresariais cooperativos.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o **30 de abril de 2019**

[Ver máis](#)



Entrevista a Antía Pousa da Sociedade Cooperativa Galega Xeracción.

Xeracción é unha cooperativa de recente creación que se dedica a desenvolver proxectos de participación social e comunitaria, tanto para entidades públicas como privadas. Ademais, está especializada en servizos de mediación, de consultoría, de xénero e de orientación psicolóxica individual e grupal, entre outros.

[Ver máis](#)

Actividades



Inscríbete no curso "A internacionalización nas entidades de economía social"

O curso ten como obxectivo introducir ao alumnado no proceso de internacionalización e facilitarlle a toma de decisións estratéxicas.

Modalidade: online e gratuíta

Matrícula aberta **ata o 13 de febreiro**

Data de inicio do curso **14 de febreiro**

Accede ao formulario de [inscripción](#)

[Ver máis](#)

Fórmate: "Asembleas e reunións"

O curso ten por obxectivo que os participantes adquiren as competencias técnicas na organización de reunións e asembleas, melloren as capacidades para organizar asembleas e reunións participativas e aprendan a coordinar e dinamizar os procesos de participación nas entidades da economía social.?

Modalidade: Presencial e online e gratuíta

Data de inicio do curso **14 de febreiro**

Inscríbete no seguinte [formulario](#)

[Ver máis](#)

Asembleas e reunións



Xa podes inscribirte no curso "A RSE nas entidades de economía social"

O obxecto do curso é dar a coñecer o concepto da RSE e as súas dimensións, así como a metodoloxía e ferramentas para analizar e avaliar as alternativas á hora de incorporar ou manter a RSE no modelo de negocio das entidades de economía social.

Modalidade: online e gratuíta

Matrícula aberta **ata o 17 de febreiro**

Data de inicio do curso **18 de febreiro**

Formulario de [inscripción](#)

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal